

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás doce horas e trinta minutos do día trinta de setembro de 2021, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan González Leirós, segundo delegación de funcións efectuada por Resolución da Alcaldía núm. 1651/2021, do 27 de setembro, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa don Óscar A. García Patiño.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C002/000090 correspondente ao servizo de realización dunha “Campaña de sensibilización sobre boas prácticas ambientais”, cuxa necesidade está xustificada no compromiso adquirido polo Concello de Cambre, con data 28/2/2019 coa adhesión ao Pacto das Alcaldías para o Clima e Enerxía, e co fin de contribuír a difundir os obxectivos deste Pacto e para inculcar aos veciños e veciñas o papel fundamental que xogan neste cambio, cara a un modelo de Concello máis sostible.

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C002/000127 para a adxudicación da obra de “*Descrición Técnica para diversas intervencións na contorna do camiño inglés de Santiago. Concello de Cambre*” (modificado agosto 2021), obra que se atopa subvencionada con cargo á axuda da Axencia de Turismo de Galicia pola que se outorgou ao Concello de Cambre unha subvención para o proxecto presentado á convocatoria de subvencións TU 501 D, de 15.000,00 €, de conformidade coa resolución do xerente de Turismo de Galicia de data 25/06/2021 (nº de expediente TU501D 2021 1/58, nº de rexistro de entrada 202100000002643).

Visto que segundo o disposto nas bases da subvención, os traballos obxecto da contratación do expediente 2021/C002/000127 deberán de estar executados na súa totalidade e presentada a documentación xustificativa dos investimentos, con anterioridade ao día 20 de outubro de 2021.

Dende a Alcaldía municipal considerouse debidamente motivada a urxencia da convocatoria dunha sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local co fin de acordar a adxudicación dos citados contratos.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º. Proposta de adxudicación dos Lotes 1 e 2 á empresa Xestores Medioambientais de Galicia, S.L. e declaración de deserto do Lote 3, do contrato menor correspondente ao servizo de realización dunha “Campaña de sensibilización sobre boas prácticas ambientais”. Expediente núm. 2021/C002/000090

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 09/06/2021 asínase polo coordinador da Área de Cultura, deportes e Xuventude, o concelleiro delegado da Área de educación, mobilidade, medio ambiente e sanidade, e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, o documento denominado “Proposta-informe de necesidade”, ao que se achega a “Memoria valorada”, elaborada polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, para a realización dunha “Campaña de sensibilización sobre boas prácticas ambientais”, cun importe de licitación de 14.979,26 euros sen IVE e 18.124,90 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 3 meses, dividíndose o obxecto do contrato en tres lotes, tal e como se transcribe a continuación:

Concepto	Importe sen IVE	IVE (21%)	Importe con IVE
LOTE nº1: Marketing da Campaña e difusión	4.942,76€	1.037,98€	5.980,74€
LOTE nº2: Dinamización da Campaña	4.909,11€	1.030,91€	5.940,02€
LOTE nº3: Subministración de materiais	5.127,39€	1.076,75€	6.204,14€
TOTAL	14.979,26€	3.145,64€	18.124,90 €

Motívase a necesidade da realización deste servizo en que o Concello de Cambre, a través da concellería de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, pretende levar a cabo unha campaña de divulgación, concienciación e sensibilización medio ambiental mediante a realización de diferentes accións informativas e divulgativas que xirarán entorno a idea de fomentar as boas prácticas ambientais entre os habitantes e empresas do municipio de Cambre así como entre o persoal do propio Concello, esto tendo en conta o compromiso adquirido polo Concello de Cambre, con data 28/2/2019 coa adhesión ao Pacto das Alcaldías para o Clima e Enerxía, e co fin de contribuír a difundir os obxectivos deste Pacto e para inculcar aos veciños e veciñas o papel fundamental que xogan neste cambio, cara a un modelo de Concello máis sostible.

Esta campaña vai estar constituída por unha liña de acción destinada ao público en xeral, é dicir aos veciños e veciñas do Concello, e por outras tres liñas que se centrarán especificamente en determinados sectores da poboación (Nenos e nenas dos centros escolares do termino municipal de Cambre, Sector comercial e hostaleiro e Persoal do Concello de Cambre).

Con esto dáse cumprimento ás competencias municipais , segundo o disposto no artigo 25, apartado b) “Medio ambiente urbano: en particular, parques y jardines públicos, gestión de los residuos sólidos urbanos y protección contra la contaminación acústica, lumínica y atmosférica en las zonas urbanas” da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Con data 14/06/2021 emítase documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 1721 22669 (outros gastos diversos protección medio ambiente).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 22/07/2021 emítase informe polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal no que consta que no expediente foron invitadas as seguintes empresas:

- Aporta Comunicación Ambiental S.L.U.
- Bebrando Consultoría S.L.
- Silman 97 S.L.
- Marta María Pérez Martínez
- Xestores Medioambientais de Galicia SL
- Logicfun MH S.L
- Clean Up Solutions Iberia, S.L.
- Obrados Multiservicios S.L.

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

	Empresa	Oferta IVE incluído
Lote 1	Xestores Medioambientais de Galicia SL	3.509,00 €
	Marta María Pérez Martínez	3.751,00 €
Lote 2	Xestores Medioambientais de Galicia SL	4.356,00 €
	Marta María Pérez Martínez	5.505,50 €
Lote 3	-	-

Formulando a seguinte proposta de adxudicación, tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo :

- Adxudicar o contrato menor correspondente ao Lote 1 – Márketing e difusión da campaña a Xestores Medioambientais de Galicia SL con NIF B32****14 e domicilio en Rúa Ramón y Cajal, no 3, Entlo A - 32001 Ourense no prezo ofertado de 2.900,00 € sen IVE, 3.509,00 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.
- Adxudicar o contrato menor correspondente ao Lote 2 – Dinamización da campaña a Xestores Medioambientais de Galicia SL con NIF B32****14 e domicilio en Rúa Ramón y Cajal, no 3, Entlo A - 32001 Ourense no prezo ofertado de 3.600,00 € sen IVE, 4.356,00 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

- Declarar deserta a licitación do Lote 3 – Subministración de materiais.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral de data 28 de setembro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 376/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 30 de setembro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de *“Medio ambiente urbano: en particular, parques y jardines públicos, gestión de los residuos sólidos urbanos y protección contra la contaminación acústica, lumínica y atmosférica en las zonas urbanas”*, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado b) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a “Memoria valorada”, elaborada polo coordinador da Área de Cultura, deportes e Xuventude con data do 08/06/2021, para a realización dunha “Campaña de sensibilización sobre boas prácticas ambientais”, cun importe de licitación de 14.979,26 euros sen IVE e 18.124,90 euros IVE incluído, dividíndose o obxecto do contrato en tres lotes (lote 1: Marketing da campaña e difusión; Lote nº 2: Dinamización da campaña, e Lote nº 3: Subministración de materiais), así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1721 22669 (outros gastos diversos protección medio ambiente).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000090, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato menor correspondente aos Lotes nº 1 – Márketing e difusión da campaña, e nº 2 – Dinamización da campaña, a prol da entidade “Xestores Medioambientais de Galicia SL” con NIF B32****14 e domicilio en Rúa Ramón y Cajal, nº 3, Entlo A - 32001 Ourense, nos prezos ofertados de 2.900,00 € sen IVE, 3.509,00 € IVE incluído para o Lote nº 1, e 3.600,00 € sen IVE, 4.356,00 € IVE incluído para o Lote nº 2, por ser a empresa que fixo a mellor oferta nos dous lotes citados, atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Respecto ao Lote nº 2, e tendo en conta o establecido na Memoria valorada aprobada, o adxudicatario deberá achegar a documentación relativa ao persoal antes do inicio da execución do contrato, polo que, para cada un dos traballadores que se destinen á prestación do servizo deberá aportar:

- contrato de traballo
- alta na Seguridade Social
- Certificado negativo do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais.

Quinto: Declarar deserto por falta de licitadores o Lote 3 – Subministración de materiais, ao non terse presentado oferta ningunha para este lote, esto de conformidade co establecido no artigo 150.3 da LCSP.

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sétimo: Designase como responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3º.- Proposta de adxudicación da obra de “Descrición Técnica para diversas intervencións na contorna do camiño inglés de Santiago. Concello de Cambre” (modificado agosto 2021) á empresa Probisa Vías y Obras, S.L.U., no prezo ofertado de 15.760,00 € sen IVE, 19.069,60 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000127

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«No Diario Oficial de Galicia número 23, de 4 de febreiro de 2021, publicouse a “Resolución do 15 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non

competitiva, das axudas para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopan no Camiño de Santiago, e se establecía a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TU501D)”, da Axencia de Turismo de Galicia.

Con data 1 de setembro de 2021 asínase pola arquitecta técnica municipal o documento denominado “*Descrición Técnica para diversas intervencións na contorna do camiño inglés de Santiago. Concello de Cambre (modificado agosto 2021)*”, cun importe base de licitación de 18.632,38 € sen IVE, 22.545,18 € IVE incluído. Neste documento faise referencia ás autorizacións doutras Administracións que resultan precisas para a execución desta actuación, (autorizacións de: Patrimonio, Augas de Galicia e Deputación Provincial da Coruña).

Con data 15 de setembro de 2021 emitiuse “Proposta - informe de necesidade” de contratación, asinado polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, o Alcalde, e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, para a contratación da realización de actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopan no Camiño de Santiago, subvencionadas con cargo á axuda da Axencia de Turismo de Galicia pola que se outorgou ao Concello de Cambre unha subvención para o proxecto presentado á convocatoria de subvencións TU 501 D, de 15.000,00 €, de conformidade coa resolución do xerente de Turismo de Galicia de data 25/06/2021 (nº de expediente TU501D 2021 1/58, nº de rexistro de entrada 20210000002643).

O Concello de Cambre, a través do Servizo de Turismo e Patrimonio, incluído na Área de Presidencia, ten entre os seus obxectivos promover e revalorizar o patrimonio arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico e histórico do concello a través de diferentes actuacións e a promoción e mellora do produto e dos recursos turísticos do municipio, sendo o Camiño Inglés un elemento esencial dos mesmos. Ademais, en canto que responsable do mantemento e conservación de edificios e instalacións municipais e da xestión patrimonial, que abrangue o inventario de bens, dereitos e obrigas e a administración e defensa do patrimonio municipal, ten interese en acometer unha serie de pequenas intervencións que contribúan a mellorar diversos puntos do Camiño Inglés ao seu paso polo municipio e o estado xeral do mesmo, sendo este obxectivo coherente coa finalidade da subvención da Axencia de Turismo de Galicia, de mellora paisaxística, procura da harmonía, orde e respecto a coherencia do Camiño de Santiago e a súa paisaxe.

As intervencións propostas configúranse como alternativas a modos de intervención habituais ou estandarizados, que poden contribuír ao deterioro ambiental do medio rural, sendo consistente cos obxectivos do Xacobeo 2021, nomeadamente cos obxectivos estratéxicos fixados polo Consello Xacobeo para o Xacobeo 2021 de destacar a riqueza cultural, natural e humana do Camiño de Santiago, impulsar o desenvolvemento das áreas rurais do Camiño de Santiago e fomentar o coñecemento do patrimonio relacionado co Camiño de Santiago, e cos obxectivos estratéxicos da Comisión Organizadora do Xacobeo 2021 en Galicia de promover Galicia como destino cultural e turístico, implicar toda a poboación galega na celebración, e xerar un sentimento de orgullo e pertenza cara aos valores da nosa comunidade.

Por resolución do xerente de Turismo de Galicia de data 25/06/2021 propúxose concederlle unha subvención ao Concello de Cambre para o seu proxecto de Intervencións no Camiño Inglés por importe de 15.000,00 €, debendo respectar as actuacións subvencionadas os termos e condicións que se determinan na correspondente resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Por resolución da directora da Axencia Turismo de Galicia de data 26/07/2021 concedéuselle ao Concello de Cambre de forma definitiva unha subvención de 15.000,00 € para a execución do proxecto de referencia. Como consecuencia da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio, na que se autorizaban as actuacións propostas, pero condicionadas a unhas determinadas correccións, efectuouse un modificado do proxecto presentado para adaptalo ás consideracións reflectidas no informe técnico base da resolución, proxecto modificado que foi asinado o 1 de setembro de 2021, tal e como se expuxo ao comezo deste informe.

Atendendo ao disposto nas bases, os traballos obxecto desta contratación deberán de estar executados na súa totalidade e presentada a documentación xustificativa dos investimentos, con anterioridade ao día 20 de outubro de 2021.

As intervencións a realizar son de distinta natureza, e inclúen pavimentacións, dotación de mobiliario urbano, mellora da sinalización, etc. Todas elas vanse realizar sobre bens físicos situados no ámbito de protección dos camiños de Santiago e no campo visual do seu recorrido, de titularidade municipal, segundo certificado de titularidade de data 2 de marzo de 2021 que se incorpora no expediente de contratación. Con este obxectivo, definíronse puntos diferentes de actuación, que se describen de seguido, indicándose para cada un deles, as actuacións a acometer e as solucións previstas:

- **Contorna da ponte da Xira:** as actuacións a acometer inclúen, na parte do camiño anexa á ponte no Concello de Cambre, a eliminación da capa de terra e grava e a súa substitución por un pavimento de xabre - cemento confinado cun bordo de aceiro corten. Tamén, a unha distancia de 300 m. da ponte cando o camiño atravesa a carreteira autonómica AC-214, se propón a instalación dun fito sinalador con información do camiño, con poste de madeira de pino, tratado e cepillado, vernizado con 3 capas. 95x95x250 e panel informativo con lámina retroflexiva sobre chapa de aluminio 100x75.
- **Cruceiro de Sigrás:** as actuacións a acometer consistirán na recolocación e consolidación da base do cruceiro e no encintado e rexuntado das pedras da base, con morteiro reversible, incluíndo materiais, maquinaria e man de obra especializada, xunto coa limpeza e desengraxado, eliminación de liques crustáceos e vexetación, incluíndo ferramentas necesarias e man de obra especializada. Substituirase o aplacado de granito por outras pezas do mesmo material, pero de maior grosor. Tamén se levará a cabo a limpeza do monolito indicador do Camiño con chorro de auga a presión.
- **Lavadoiro e fonte de Sobrecarreira:** as actuacións a acometer consistirán no acondicionamento dos sumidoiros e realización de tarefas de axardinamento. Procederase a desatascar os sumidoiros e a unha limpeza xeral do conxunto, aplicando auga a presión. Asemade procederase ao desbroce das ortigas da zona verde que rodea a fonte de cofre e a sementar céspede.
- **Praza da fonte de San Antón:** substitución do panel informativo por outro de idénticas características aos que se instalan en esta actuación noutras ubicacións, pero coa particularidade de ser de tipo atril para afectar o menos posible ao entorno do ben catalogado.
- **Praza do cruceiro de Anceis:** as actuacións a acometer consistirán na substitución do aplacado de granito por outras pezas do mesmo material, pero de maior grosor. Tamén se levará a cabo a limpeza do monolito indicador do Camiño con chorro de auga a presión.

Con data 1 de marzo de 2021 emitiuse documento de retención de crédito polo interventor municipal para obra de actuacións no Camiño Inglés por importe de 22.545,18 € con cargo á aplicación orzamentaria 2021 454 60900 "Outras infraestruturas, camiños veciñais" con nº de operación 17/2021 - 220210002038 e referencia 22021001164, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 24/09/2021 emítese informe polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, coa conformidade da coordinadora da Axencia de Desenvolvemento Local, no que consta que no expediente foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

Empresa
Civis Global, S.L.U.
Construcciones Cernadas, S.L.
Construcciones Isidro Otero, S.L.
Probisa Vías y Obras, S.L.U.
Construcciones Taboada y Ramos, S.L.

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Construcciones Cernadas, S.L.	18.181,82 €	22.000,00 €
Probisa Vías y Obras, S.L.U.	15.760,00 €	19.069,60 €

Formulando proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á obra de "Realización de actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopan no Camiño de Santiago", á empresa Probisa Vías y Obras, S.L.U., con NIF B-85.826.899, domicilio na rúa Gobelás 25, planta 3, La Florida, 28023 Madrid, no prezo ofertado de 15.760,00 € sen IVE, 19.069,60 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Achégase ao informe a declaración responsable do licitador e documentación acreditativa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Consta informe da Tesourería municipal de data 28/09/21, acreditativo de que a empresa non ten débedas co Concello de Cambre nin á data da oferta nin na actualidade.

Con data do 28 de setembro de 2021 emítase informe polo técnico en promoción económica municipal don José Luis González Cardalda, no que, con referencia ás autorizacións doutras Administracións que resultan precisas para a execución desta actuación, e que se indican no documento de "Descrición Técnica" asinado pola arquitecta técnica municipal o día 01/09/2021, (autorizacións de: Patrimonio, Augas de Galicia e Deputación Provincial da Coruña), se fai constar que:

"...a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 13 de xullo de 2021, que obra no expediente e que se remitiu igualmente ás empresas convidadas á presentar as súas ofertas xunto co documento de Descrición técnica das intervencións, autorizaba expresamente as actuacións de referencia, situadas na traza do Camiño Inglés de Santiago no termo municipal de Cambre, coas condicións indicadas nos puntos 21 e 22 da mesma e coa observancia dos criterios que se expresaban nos seus puntos 12 a 20, ambos incluídos.

Polo que respecta á comunicación das actuacións a Augas de Galicia, con data 17 de setembro de 2021 presentouse a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIRE) co número de rexistro de saída 20219000000964 Declaración Responsable conforme ao modelo AU113C no procedemento de Actuacións Menores no Dominio Público Hidráulico e Zona de Policía dirixido á Xefatura Territorial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de A Coruña.

A documentación complementaria presentada coa declaración responsable (memoria descritiva para a actuación na contorna da Ponte da Xira, presuposto e medicións e planos e cartografía) elaborouse polos servizos de urbanismo municipais, que foron os que indicaron igualmente cal era o procedemento a seguir.

(...)

Polo que respecta á comunicación das actuacións á Deputación Provincial da Coruña, con data 17 de setembro de 2021 presentouse a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIRE) co número de rexistro de saída 20219000000963 Declaración Responsable para a realización de obras menores de conservación e mantemento das edificacións, instalacións, e peches situados na zona de servidume ou na zona de afección das estradas de titularidade da Deputación Provincial da Coruña dirixido ao Rexistro Xeral deste organismo.

A documentación complementaria presentada coa declaración responsable (memoria descritiva para as actuacións na praza da fonte de San Antón e na Praza do Cruceiro de Anceis, presuposto e medicións e planos e cartografía) elaborouse polos servizos de urbanismo municipais, que foron os que indicaron igualmente cal era o procedemento a seguir.

(...)

..a xuízo do técnico asinante, e partindo da presunción de que os documentos de declaracións responsables indicados polos servizos municipais peritos nesta materia, xunto coa documentación complementaria proporcionada, son os axeitados para a tipoloxía das actuacións que van a acometerse no proxecto, dáse cumprimento á necesidade de poñer en coñecemento tanto de Augas de Galicia como da Deputación Provincial da Coruña a realización de obras menores nas súas respectivas zonas de afección, sen prexuízo da facultade destes organismos para requirir a acreditación do cumprimento do declarado, permitindo as devanditas declaracións o inicio da actividade dende o día da súa presentación."

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral de data 29 de setembro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 375/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 29 de setembro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de "información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local" así como de protección e xestión do patrimonio histórico, e de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartados a), d) e h) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local), así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o documento asinado o 1 de setembro de 2021 pola arquitecta técnica municipal e denominado "Descrición Técnica para diversas intervencións na contorna do camiño inglés de Santiago. Concello de Cambre" (modificado agosto 2021), para a realización de actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopan no Camiño de Santiago, cun importe base de licitación de 18.632,38 € sen IVE, 22.545,18 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 454 60900 “Outras infraestruturas, camiños veciñais”.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000127 da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar a obra de “*Descrición Técnica para diversas intervencións na contorna do camiño inglés de Santiago. Concello de Cambre*” (modificado agosto 2021) á empresa Probisa Vías y Obras, S.L.U., con NIF *****6899, domicilio na rúa Gobelás 25, planta 3, La Florida, 28023 Madrid, no prezo ofertado de 15.760,00 € sen IVE, 19.069,60 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como directora da obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanöe, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da LCSP, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: A coordinación da seguridade e saúde da obra correspóndelle á empresa “Gallega de Coordinacións S.L.”, como adxudicataria do contrato para a prestación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022), exp. nº 2020/C004/000022.

Oitavo: Notifíquese á responsable do contrato, dona Elena Bartolomé Delanöe, á empresa Gallega de Coordinacións S.L., coordinadora de seguridade, á responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal e máis ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas e trinta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia